

Vista a proposta de designación dun asesor/a especialista que formula o Tribunal que xulgará as probas selectivas para o ingreso na Escala Técnica, técnico/a audiovisual, subescala de medios audiovisuais, subgrupo A2 da Universidade da Coruña polo sistema de promoción interna, convocadas por Resolución do 26 de novembro de 2025 (DOG nº 236 de 5 de decembro de 2025), para colaborar con este tribunal.

Esta Xerencia, no uso das atribucións conferidas no artigo 136 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 94/2025, do 6 de outubro (DOG do 27 de outubro), e da delegación de competencias operada por Resolución reitoral do 28 de agosto de 2026, e tendo en conta o previsto no art. 7º do Decreto 95/1991, de 20 de marzo (DOG do 25 de marzo) que aproba o regulamento de selección do persoal da Comunidade Autónoma de Galicia,

RESOLVE:

Nomear asesor do devandito tribunal a María Sol Ríos Noya, técnico/a superior en Normalización Lingüística, co dereito a percibir por este cometido unha gratificación igual á que percibe un vocal deste tribunal por cada sesión.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

O Reitor

PD Xerente (RR 28.08.2026)

María Hernández García